



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 11 de xullo de 2019.
2. Validar os acordos adoptados en materia de execución de gastos.
3. Validar os informes finais de avaliación do PAT do curso 2018-2019 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en Avogacía.
4. Validar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2018-2019.
5. Validar o procedemento IA-01 Xestión de recursos materiais e servizos.
6. Validar a actualización de dous dos anexos do Manual de Calidade: mapa de procesos e listaxe de procedementos en vigor.
7. Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.
8. Respecto á identificación das necesidades do PAS do centro, acórdase:
 - a) Solicitar ao Xefe de equipo do Campus a revisión do Informe sobre as necesidades de persoal de administración e servizos do centro coa finalidade de que aporte os datos obxectivos que o fundamentan.
 - b) Que a Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade, tras recibir dito Informe, elabore un escrito que se achegará aos membros da Comisión de Calidade por se queren facer algunha suxestión antes da súa remisión á Xerencia.
9. Trasladar ao órgano competente as necesidades de formación do PAS do centro.
10. Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para valorar se procede a súa remisión á Área de formación e innovación educativa a solicitude dos seguintes cursos de formación para o persoal docente e investigador: folla de cálculo, xestión de contidos para páxinas web persoais e Ofimática en liña.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

11. Validar o Informe de docencia do curso académico 2018-2019.

12. Pospoñer ata a vindeira Comisión de calidade a análise e toma de decisións respecto das incidencias detectadas nas reunións de coordinación para o seguimento e o control da docencia do primeiro cuadrimestre do curso académico 2019-2020.

13. Validar a modificación do Procedemento para o seguimento e o control da docencia e delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para incorporar os cambios que procedan.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 17 de decembro de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 18 de decembro de 2019.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.